

## BERNA GONZÁLEZ HARBOUR

Mércores 30 de xuño, 19:30 h

Fundación Luis Seoane


Berna González Harbour é premio Dashiell Hammett 2020, que concede a Semana Negra de Xixón, pola súa anterior novela, **El sueño de la razón** (Destino, 2019). Creadora da comisaría Ruiz e unha dos «nove novísimos» da literatura española negrocriminal segun Paco Camarasa, foi finalista do mesmo premio en 2018 con **Las lágrimas de Claire Jones** (Destino, 2017) e é premio José Estrañi, premio dos libreiros de Cantabria 2018 e membro de varios xurados literarios. Tamén é xornalista, analista política e colaboradora cultural. É subdirectora de El País, onde foi editora de Babelia e enviada especial a numerosos países en conflito. Conduce o programa sobre libros «¿Qué estás leyendo?» e participa na tertulia de «Hoy por hoy», na Cadena Ser.

### EL POZO (Editorial Destino, 2021)

A nova novela de Berna González Harbour é un thriller xornalístico, unha crítica ao sensacionalismo mediático narrado cunha franqueza impresionante. A través da recreación ficcionada dun caso que monopolizou a atención mediática española, a autora reflexiona sobre o mundo do xornalismo e critica ferozmente o seu lado máis amarelo.

Greta Cadaqués, unha reporteira de televisión, é enviada a cubrir o caso dunha nena que caeu nun pozo nas aforas de Madrid. Mentres non deixa de pensar nun xuízo ao que ten que asistir como xurado popular, o seu cámara, Juan Quatremer, e o seu xefe, un home ávido de audiencia, aprémiana para sacar á luz todos os detalles do caso do que o país enteiro está pendente.

Aínda que pronto descubrirá que as intencións de ambos homes son moi distintas: Juan pretende cubrir o suceso da maneira máis rigorosa posible, pero o seu xefe a coaccionará para que consiga as exclusivas máis impactantes, aínda que iso signifique difundir noticias falsas. Greta deberá enfrontarse a unha encrucillada persoal e profesional que a levará a cuestionarse o papel dos medios de comunicación e os límites éticos do seu traballo.



Somos o que  
LEAMOS

Encontros coa literatura contemporánea  
COORDINADO POR JAVIER PINTOR

FUNDACIÓN  LUIS SEOANE

Entrada gratuíta. Aforo limitado, previa reserva no teléfono 981 216 015